



Acordo de Colaboración entre o centro de Investigación Forestal de Lourizán-Agacal da Consellería do Medio Rural e o Departamento de Desenvolvemento Rural e Medio Ambiente do Goberno Foral de Navarra para realizar a identificación molecular de variedades tradicionais de castaño na comarca atlántica de Navarra e de híbridos interespecíficos da plantación de Aritzakun (TM de Baztan)

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director da Agacal, **DECLARA:**

Que esta axencia ten previsto formalizar co Departamento de Desenvolvemento Rural e Medio Ambiente do Goberno Foral de Navarra o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia de dous anos.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

A identificación molecular de ata 200 individuos de *Castanea sativa* seleccionados en antigos soutos inxertados da Comunidade Foral de Navarra e de 200 híbridos interespecíficos situados na plantación de Aritzakun (Valle de Baztán).

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

A Dirección Xeral de Medio Ambiente do Goberno Foral de Navarra ten encomendada a protección, xestión, mellora e uso sostible dos montes, os espazos naturais e a biodiversidade, a planificación do medio natural e a mobilización, valorización e promoción do uso sostible dos seus recursos entre os que se encontra o castiñeiro.

O CIF Lourizán, adscrito á Axencia Galega da Calidade Alimentaria (AGACAL), dispón de capacidade técnica para realizar a identificación molecular de castiñeiros; sendo un Centro de Referencia a escala nacional para esta técnica.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.





En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria en Santiago de Compostela,

